



O Real Decreto 1497/87 coas directrices xerais comúns dos planos de estudo posibilita que os alumnos configuren o seu curriculum mediante a realización de actividades académicas tales como as Practicas en empresas. Na actualidade a Universidade ten varios sistemas para a realización destas prácticas, as realizadas ao través do convenio marco entre a universidade e as empresas que convocan os centros, alumnos, as que se realizan ao través do Consello Social ou FEUGA, e as propiciadas polos alumnos que poden realizarse ao través do Consello Social ou dos propios centros.

A utilización do sistema de prácticas en empresas como créditos por equivalencia, segundo estableza o plano de estudos non impide que os Centros realicen convocatorias de prácticas en empresas para imputar como créditos de libre elección segundo o Convenio marco, ou cando os alumnos aporten a empresa, permitíndolle ao alumnado a utilización dos dous sistemas sempre e cando o contido das prácticas non sexa idéntico.

O plano de estudos de Xornalismo contempla a posibilidade de realizar 12 créditos optativos ou de libre elección en prácticas en empresas polo sistema de créditos por equivalencia. Pero ademais os alumnos deben realizar os correspondentes créditos de libre elección que establece o plano de estudos utilizando tamén o sistema de prácticas en empresas sempre e cando estas prácticas non teñan o mesmo contido. Co obxecto dunha interpretación correcta do plano de estudos de Xornalismo ao abeiro do artigo 107 das Normas de Xestión Académica

Resolvo

Primeiro.- Os alumnos de Xornalismo poderán realizar practicas en empresas convocadas polo centro polo sistema de créditos por equivalencia co límite que ao respecto establece o plano de estudos e prácticas en empresas convocadas para a realización de créditos de libre elección.


Segundo.- Para que o alumnos poidan participar en ambos os dous sistemas deberá terse en conta os seguintes requisitos:

- a) As empresas deberán ser diferentes e o contido das mesmas, actividades realizadas, no poderá ser coincidente.
- b) O número de horas das prácticas en empresas cando sexan convocadas como créditos de libre elección polo centro deberá respectar o acordo que a Xunta de Goberno da USC adoptou con data do 22-XII-1998 no que limita a 500 as horas de prácticas en empresas como créditos de libre elección nos expedientes dos alumnos. Para o cálculo do límite anterior non se terán en conta as prácticas en empresas recoñecidas como créditos por equivalencia nos plans de estudio.

Santiago de Compostela 28 de outubro de 2005

O Reitor,

P.D. de 24 de outubro de 2005



Cástor Méndez Paz

Sr. Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado; Sr. Secretario Xeral; Sr. Secretario Xeral Adxunto; Sr. Decano de Ciencias da Comunicación; Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica; Sr. Director da OIU; Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica.